

NORMATIVA DE PERMANENCIA NA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Aprobado polo Consello Social o 13-06-2001)

(Modificada no 22-12-2003 / 14-07-2004 / 23-12-2005 / 13-11-2006 / 30/07/2007)

Preámbulo

Sendo a educación universitaria un dereito cidadán, é obriga da Universidade de Vigo proporcionarlles ós estudantes na medida que lle permitan as súas vías de financiamento, os medios materiais e humanos para que poidan recibir unha formación actualizada e de calidade. Á súa vez o estudante ten a responsabilidade de tirar proveito dos medios que a sociedade pon á súa disposición sendo, en definitiva, misión de todos garantir un nivel satisfactorio na cualificación académica dos titulados/as e coidar da utilización eficiente dos recursos proporcionados polo conxunto da sociedade.

Para cumprir eficazmente esa misión recoñécese a importancia de acadar un rendemento mínimo, accesible para calquera estudante consciente das súas obrigas, sen caer no rigorismo de considerar que uns resultados malos nun curso académico supoñen impedimento para continua-los estudos, posibilitando ademais vías para aqueles estudantes que, por diferentes circunstancias persoais, non consigan o mínimo requirido. Considérase así mesmo a importancia de segui-los estudos de xeito ordenado e progresivo tratando de evitar un avance académico inconexo ou caótico.

Non se pode ignorar que na actividade de moitos estudantes a superación dalgunha materia supón un esforzo desproporcionado en relación a outras do mesmo ou similar carácter e carga lectiva, converténdose nun freo difícil de superar de cara ó seu avance académico dentro da titulación. Enténdese que un mal rendemento concreto non debe estraga-lo esforzo global no conxunto da titulación e que non debería ser unha causa de abandono de estudos ou de atraso excesivo na finalización destes nun tempo razoable. Por outra banda, para salvagardar os contidos formativos globais dos diferentes planos de estudos, éles esixible ós estudantes un esforzo na superación de tódalas materias evitando o abandono a priori daquelas polas que teñan unha menor preferencia ou lles supoña maior dificultade.

Estas normas, baseadas na responsabilidade e flexibilidade, constitúen o medio que permite tratar en conxunto os aspectos anteriormente comentados. Para a súa aplicación é preciso que cada estudante coñeza o contido das presentes normas e a súa situación académica, sendo misión da Universidade de Vigo facilita-los medios para ese fin.

Artigo 1. Requisitos de matriculación no primeiro curso de acceso ou de reinicio de estudos

De acordo co establecido na lexislación vixente, os estudantes que se matriculen por primeira vez nunha titulación da Universidade de Vigo deberán facelo do primeiro curso completo (ben sexa de titulación de 1º ciclo, ou de 1º e 2º ciclo)

Artigo 2. Convocatorias

2.1. Para supera-las materias incluídas no plano de estudos, cada estudante disporá das seguintes convocatorias:

- Seis con carácter xeral
- Unha de gracia (7ª) solicitada ó rector que resolverá, por delegación, o director/a ou

decano/a do centro.

As probas correspondentes á 5ª, 6ª e 7ª convocatoria e a de fin de carreira serán valoradas por un tribunal nomeado ó efecto segundo o establecido na lexislación vixente.

Nos casos de materias de planos de estudio dispensados por máis dunha das universidades galegas, o estudante poderá, no caso de ter esgotadas tódalas convocatorias, solicitar render exame noutra universidade galega en tanto teña vixencia o convenio establecido para este fin. A cualificación acadada terá os mesmos efectos que se fose emitida pola Universidade de Vigo*1.

A non superación de calquera materia no número de convocatorias establecido producirá os efectos indicados no artigo 7.

2.2. O estudante só poderá facer uso de dúas convocatorias de exame por curso académico

2.3. A non comparecencia a exame terá a consideración de convocatoria non consumida e non precisa de solicitude previa, agás no caso de alumnos/as matriculados por primeira vez nunha titulación, que terán que facer renuncia expresa á correspondente convocatoria de exame, en alomenos unha materia*2.

Artigo 3. Rendemento académico mínimo (Suspendido temporalmente)

Os estudantes da Universidade de Vigo que, matriculándose de máis de 36 créditos en materias troncais, obrigatorias de universidade e optativas en cada un de dous cursos sucesivos, non consigan en cada curso superar un mínimo do 20% dos créditos matriculados, estarán suxeitos ó indicado no artigo 7.

Enténdese por cursos sucesivos aqueles en que o estudante formalizou matrícula, aínda que non se correspondan con cursos académicos consecutivos.

Para que teña efecto este artigo téñense que da-las seguintes condicións:

- Matricularse nun curso en materias de calquera carácter, sen conta-las de libre elección, de máis de 36 créditos e superar menos do 20% dos créditos matriculados por curso.
- Recaer na seguinte matrícula en idéntica situación*3.

Non entrarán no cómputo dos créditos superados os obtidos por adaptación ou validación, nin dos créditos matriculados aqueles que fosen obxecto de anulación ou renuncia (no caso de alumnos/as de 1º por primeira vez) nos prazos establecidos para tal fin nas normas de xestión académica.

Para o cálculo do mínimo non terán efecto os coeficientes multiplicadores indicados no punto 5.2.

Este artigo non será de aplicación cando a Comisión de Permanencia estime que concorreron causas de forza maior que impediron acadalo mínimo requirido segundo a doutrina xurisprudencial.

Artigo 4. Comisión de Permanencia

Para trata-las posibles reclamacións e peticións*4 dos estudantes afectados polo disposto no artigo 3, constitúese como Comisión de Permanencia a Comisión Permanente do Consello Social garantindo, se é preciso para estes efectos, a presenza con voz e voto dun representante estudiantil.

Esta comisión resolverá no prazo máximo de dous meses no período lectivo a partir de ser recibida a petición.

Artigo 5. Requisitos de matrícula

Os estudantes da Universidade de Vigo estarán sometidos ós seguintes requisitos de matrícula.

5.1. O máximo de créditos de materias de calquera carácter dos que se pode matricular nun curso académico será de 135. Os créditos adaptados, validados ou superados na convocatoria extraordinaria⁵ non serán tidos en conta para ese cómputo de xeito que, se se produce adaptación, validación ou superación de materias unha vez iniciado o curso, poderá amplíala matrícula ata o límite de 135.

5.2. (Suspendido temporalmente). Para o cómputo do límite máximo, terase en conta o número de veces que o estudante formalizou matrícula en cada materia, de xeito que na 4ª matrícula e seguintes o número de créditos virá multiplicada por un coeficiente co valor indicado de seguido:

Matrícula	4ª	5ª	6ª	7ª	8ª	9ª e máis
Coeficiente	3	5	7	9	11	14

Estes coeficientes non son de aplicación nas taxas de matrícula. Tampouco serán de aplicación cando o alumno teña concedida unha bolsa para cursar estudos fóra da Universidade de Vigo en programas tipo ERASMUS, SICUE ou semellantes.

No caso de que a materia na que se matricula o alumno supere os 4,5 créditos, este cómputo se fará sobre ese valor. En calquera caso o estudante terá dereito a matricularse dun mínimo de tres materias por curso académico, respectando o indicado no apartado 5.3.

A universidade disporá os medios para que o estudante teña toda a información precisa á hora de formalizala matrícula. Os estudantes da Universidade de Vigo poderán solicitar, ademais doutros procedementos xa previstos na lexislación

5.3. (Suspendido temporalmente). Antes de matricularse noutra(s) materia(s) por primeira vez, o estudante ten que matricularse das materias troncais, obrigatorias de universidade e/ou de orientación, se as houbese, que teña sen superar e que figuren no plano de estudos en cursos inferiores ó de calquera das materias nas que se solicita matrícula⁷. Se o límite de 135 créditos non deixa que o estudante se matricule de tódalas materias que pretende, deberá comezar polas anteditas dos cursos inferiores antes de facelo doutras novas (de calquera carácter) de cursos ou cuatrimestres superiores

5.4. O estudante que se teña matriculado dunha materia optativa ou de libre elección e non a superase poderá deixar de matricularse nesta e matricularse noutra nova co límite do 150% dos créditos previstos para materias dese carácter no plano de estudos⁸.

Artigo 6. Avaliación curricular

Os estudantes da Universidade de Vigo poderán solicitar, ademais doutros procedementos xa previstos na lexislación vixente, unha valoración complementaria do seu rendemento académico, segundo o establecido a continuación:

REQUISITOS DA SOLICITUDE:

6.1. Unha vez consumida a 5ª convocatoria sen superar unha materia, o estudante poderá solicitar perante da Comisión Permanente do centro onde cursa estudos, acollerse ao

procedemento de avaliación curricular. Para as materias do último curso da titulación ou cando sexa a única materia pendente da súa titulación poderá solicitalo unha vez consumida a 4ª convocatoria. Entenderanse como consumidas as convocatorias nas que o estudante se matricule en materias que dependen para a súa cualificación doutras consideradas como chave.

Para acollerse a Avaliación Curricular o estudante deberá estar matriculado na Universidade de Vigo e haber consumido unha convocatoria da materia obxecto da solicitude nos últimos tres anos académicos na Universidade de Vigo.

Para acollerse a Avaliación Curricular o estudante deberá ter superados ó menos a metade dos créditos da titulación correspondente na Universidade de Vigo.

LÍMITES DA SOLICITUDE:

6.2. No transcurso da titulación, cada estudante poderá solicitar a avaliación curricular en dúas materias en titulacións de só primeiro ciclo ou só segundo ciclo e en tres nas titulacións de primeiro e segundo ciclo. A solicitude presentada non contará como tal se durante a tramitación e resolución desta o estudante supera a materia obxecto da solicitude nunha nova convocatoria ou presenta unha solicitude escrita de desestímulo antes da reunión da Comisión Permanente.

Poderán someterse á Avaliación Curricular materias obrigatorias, troncais e optativas, sendo excluídas as estadías Clínicas ou Prácticas, o “Practicum”, as materias de libre elección e os Proxectos ou Traballos Fin de Carreira.

Para efectos do número de materias que se poden someter a avaliación curricular, serán tidas en conta as concesións de avaliación obtidas noutras universidades e que consten no expediente académico do estudante.

ÓRGANOS DE RESOLUCIÓN:

6.3. A decisión de admitir ou non a trámite unha solicitude de avaliación curricular e de nomear á Comisión de Avaliación correspóndelle á Comisión Permanente do centro onde cursa estudos o solicitante, que a resolverá no prazo máximo de 45 días hábiles a partir do peche do prazo de presentación de solicitudes.

Non será admitida a trámite cando, a xuízo da Comisión, a cualificación da materia sexa unha consecuencia directa do incumprimento de requisitos previamente coñecidos para a súa superación, resultado de accións ilegais inaceptables na comunidade universitaria e mesmo obxecto de sanción académica, ou resultado de probas ou exames claramente deficientes. A Comisión poderá solicitar a información que precise para fundamentar a súa decisión, incluída a comparecencia dos/as interesados/as. Os acordos da Comisión deberán estar suxeitos a criterios de acordo co expresado e que consideren aspectos tales como cualificacións obtidas na materia, situación do rendemento escolar da materia e circunstancias académicas do/a estudante.

A decisión da Comisión Permanente poderá ser reclamada perante da Xunta do Centro no prazo máximo dun mes dende a notificación, e de ser admitido o recurso enviarase á Comisión Permanente para que proceda ao nomeamento da Comisión de Avaliación.

6.4. A avaliación curricular consistirá na valoración global do seu expediente académico ata o momento da presentación da solicitude, por medio dunha Comisión de Avaliación^[1] composta por:

- Decano/a-Director/a, ou profesor/a no que delegara, que actuará como presidente/a.
- Catro profesores/as titulares e catro suplentes das áreas con carga docente en materias troncais, obrigatorias de universidade e optativas de orientación dispensadas na

titulación cursada polo solicitante, excluíndo, de ser o caso, a área afectada.

- Un/ha profesor/a titular e un suplente da área afectada proposto polo departamento.
- Un estudante titular e un suplente propostos polo solicitante entre os da mesma titulación e orientación que teñan superada a materia e estean matriculados (se é posible) nun curso superior. Caso de non presentar proposta, o presidente/a determinará o procedemento de selección.

Encoméndase que os/as profesores/as deste apartado sexan elixidos por un curso académico.

6.5. A Comisión de Avaliación deberá constituírse e resolver no prazo máximo de 40 días hábiles desde que a solicitude sexa admitida a trámite. A non resolución en prazo será comunicada polo Presidente da Comisión de Avaliación ó Vicerreitor competente, quen o comunicará ó/a Presidente/a da Comisión de Organización Académica e Profesorado para que eleve unha proposta ó Consello de Goberno.

Para a constitución válida da Comisión de Avaliación requírirase a presenza de polo menos 5 dos seus membros.

As xestións para a constitución da Comisión de Avaliación serán levadas a cabo polo presidente/a.

Os membros do Comisión de Avaliación que non acudan ás reunións convocadas deberán xustificalo de xeito adecuado e por escrito.

PROCEDEMENTOS DA AVALIACIÓN CURRICULAR:

A solicitude de avaliación curricular presentarase mediante instancia dirixida ao Decano/Director do centro onde curse os estudos o /a alumno/a. Para iso, o centro abrirá un prazo de 15 días hábiles para presentación de solicitudes a partir do día seguinte da data oficial de entrega de actas dos exames.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a administración do centro comprobará o cumprimento dos requisitos e os límites da solicitude e condicións dos estudantes propostos na solicitude para a Comisión de Avaliación e elevará unha dilixencia ao efecto acompañada do expediente e da solicitude do/a alumno/a ao Decano-Director do Centro. De non cumprir o estudante solicitante as condicións para acollerse á Avaliación Curricular, a solicitude darase por desestimada o cal se lle comunicará ao interesado. No caso de estimar a solicitude, a administración do centro, procederá a solicitar os informes oportunos aos/ás profesores/as, os cales unha vez recibidos serán remitidos ao Director-Decano do Centro. Para tal efecto os/as profesores/as deben manter baixo custodia, ata a súa superación, as probas que sustenten a cualificación de suspenso na materia polo menos tres cursos académicos.

6.6. A Comisión de Avaliación valorará o expediente global do estudante segundo os criterios empregados na lexislación vixente sobre cualificación de expedientes, considerando ademais as cualificacións obtidas na materia obxecto de avaliación, noutras materias similares e a dificultade da materia, sen prexuízo que a Comisión poida considerar outras circunstancias presentes no historial académico do/a alumno/a ou doutra índole. Para que na materia sexa considerado/a como "Apto" requírirase a maioría de 2/3 dos presentes. A toma de decisións sobre a avaliación do/a alumno/a debe estar motivada e fundamentarse en criterios obxectivos e non se admitirán abstencións.

EFFECTOS ACADÉMICOS

Os efectos académicos en caso de ser considerado/a apto/a terán plena vixencia e no seu

expediente figurará a materia como "Apto por compensación", que para os efectos de valoración terá a equivalencia de "validado", con valor numérico de 5,0.

Artigo 7. Reinicio de estudios

Os estudantes que se atopen nunha das situacións que remiten a este punto da presente normativa non poderán continuar os estudos na mesma titulación.

7.1. Por unha vez poderán solicitar praza para reiniciar en estudos noutra titulación das dispensadas na Universidade de Vigo, someténdose ós mesmos requisitos de admisión cós restantes aspirantes en libre concorrència.

7.2. No caso de que na nova titulación recaia nunha das situacións aludidas, non poderá continuar estudos na Universidade de Vigo

Artigo 8. Entrada en vigor

Esta normativa será de aplicación a partir do curso 2001/2002, para os alumnos/as de novo ingreso e a partir do curso 2006/2007 para tódolos estudantes da Universidade de Vigo. Tamén será de aplicación para aqueles estudantes que se cambien a planos de estudos revisados nos cursos 1999/2000 e posteriores procedentes de planos de estudos en extinción, a partir do momento do cambio.

Artigo 9. Revisión

As presentes normas serán revisadas, referendadas ou modificadas, nun prazo máximo de tres anos despois da súa entrada en vigor

Disposición transitoria

Malia a entrada en vigor gradual a partir do curso 2001/2002 o punto 6 da presente normativa, unha vez aprobada polo Consello Social, poderá ser aplicado no curso 2000/2001 e posteriores nos seguintes casos:

1. Ós estudantes de titulacións non estruturadas por créditos no curso 1999/2000 cando lles resten, como máximo, 3 materias anuais ou 6 cuatrimestrais sen teren esgotadas as convocatorias para remata-la titulación polo plano de estudos orixinal, ou unha única materia aínda no caso de que tivesen esgotadas as convocatorias establecidas nesta universidade segundo a normativa anterior á aprobación da presente.

2. Ós estudantes de titulacións xa estruturadas en créditos no curso 1999/2000 ós que lles restan, como máximo, 3 materias anuais ou 6 cuatrimestrais sen teren esgotadas as convocatorias para finaliza-la súa titulación polo plano de estudos que están a seguir.

3. Ós estudantes que se matricularon por primeira vez no curso 2000/2001, tanto por acceso á universidade coma por cambio de plano de estudos, en planos renovados no curso 1999/2000.

Nos casos 2 e 3 anteriores, no cómputo de convocatorias consumidas na materia, teranse en conta as que teña no plano de estudos orixinal e na materia equivalente no plano de estudos renovado.

Disposición adicional

Nos casos onde concorran situacións orixinadas por cambios de plans de estudos, extinción ou por calquera outra non considerada nesta Normativa que impidan que un alumno poida solicitar a avaliación curricular, corresponde á COAP, con carácter excepcional, valorar a admisión a

trámite da solicitude.

Nestes casos os alumnos poderán dirixirse ao Vicerreitor competente que remitirá a solicitude á COAP, quen, unha vez admitida a trámite, de se-lo caso, requirirá ao Centro para que nun prazo de 40 días dende a recepción da solicitude, se constituía a Comisión a que se refire o artigo 6.4 da normativa de permanencia e resolva, de acordo co procedemento previsto no artigo 6.6, previa petición por parte da Administración do Centro dos informes oportunos aos/ás profesores/as, os cales unha vez recibidos serán remitidos ao Presidente da Comisión.

Disposición final

A decisión da Comisión de Avaliación será elevada ao Reitor quen ditará resolución ao respecto.

O mes de agosto é considerado non hábil para efectos desta normativa.

Notas:

1.- A materia ten que ter os mesmos contidos e carga lectiva.

2.- A normativa estatal (DL 9/75) establece que para poder seguir cursando estudos nunha titulación é preciso superar alomenos unha materia entre as dúas convocatorias no **primeiro** curso matriculado. Para evitar ter que abandonar unha titulación por se non se aproba nada, pódese solicitar a **renuncia de convocatoria** nalgunha materia no prazo que establecen as Normas de Xestión Académica da Universidade de Vigo.

3.- A situación de "aviso" que queda rexistrada despois dun curso de moi baixo rendemento académico pódese anular de dúas maneiras:

a.-matriculándose no curso seguinte de máis de 36 créditos e aproba-lo 20% ou máis

b.-matriculándose no curso seguinte de 36 ou menos créditos.

4.- Con antelación suficiente ó período de matrícula, o estudante afectado pode solicitar que o seu caso sexa examinado pola Comisión de Permanencia e achegar toda a documentación que se lle requira.

5.- Refírese a materias superadas na convocatoria extraordinaria actualmente denominada "convocatoria de decembro".

6.- Número de veces matriculado previamente e valor do coeficiente multiplicador na seguinte matrícula.

7.- Para matricularse nunha materia disposta no plano de estudos no curso "n", hai que matricularse tamén das materias (dos tipos indicados) que se teñan sen superar nos cursos "n-1", "n-2", etc. Se o límite de créditos non permite a matrícula en tódalas materias que se solicitan haberá que empezar por matricularse nas materias de cuatrimestres e cursos inferiores sen superar os 135 créditos máximos. Se se pretende a matrícula unicamente en tres materias (segundo o indicado en 5.2) seguirase o mesmo criterio.

8.- Se un plano de estudos establece un número N de créditos en materias optativas, o estudante poderá, ó longo da titulación, formalizar matrícula ata 1,5xN créditos en materias optativas do seu plano de estudos para supera-los N créditos requiridos. Outro tanto sucede cos créditos de libre elección

9.- Enténdese que é definitiva a partir de que se proceda á revisión de exames ou probas como determinan os Estatutos da Universidade de Vigo.

10.- O feito de presentar solicitude de avaliación curricular contabiliza coma un dereito exercido e non presupón o resultado da solicitude. Dado que é un recurso extraordinario compre utilizalo con prudencia.

11.- O mes de agosto non é hábil.

12.- 6 de 9; 7 de 10; 7 de 11; 8 de 12.

[1].- que se rexerá polo establecido no capítulo II sobre órganos colexiados da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE de 27 Novembro de 1992.

Impresos de Avaluación Curricular
(Solicitud, Modelo da convocatoria da Comisión e Acta)